

**PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, PARA CONSTITUIR LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BARALLA.**

**DENOMINACIÓN DA PRAZA: PERSOAL DE APOIO NO PAI.**

ACTA DA REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA E DA SÚA CUALIFICACIÓN

En Baralla, ás 12.00 horas do día 16 de outubro do 2018, reúnense nas dependencias do Centro Socio-Cultural do Concello de Baralla, as persoas integrantes do tribunal cualificador, que de seguido se relacionan e que se constituíu para valorar o proceso de selección indicado no encabezamento.

- Alejandro Fontela Pereira, presidente.
- Alejandro Alcalde Varela, secretario.
- Margarita Sánchez Cabarcos, primeira vogal.
- Ana Mel López, segunda vogal.
- María Teresa Villares Castro, terceira vogal.

De acordo coas bases reguladoras deste proceso, acórdase proceder á realización e posterior corrección da proba práctica, dentro da fase de oposición. Consistirá na resolución por escrito do suposto fixado polo tribunal. En concreto: *“ Os/as aspirantes terán que elaborar un horario (“rutinas”) a desenvolver durante unha xornada (un día de traballo) no PAI de Baralla, que comprenda todas e cada unha das partes necesarias para cubrir ese tempo, cun grupo de alumnos de 2-3 anos”*. A tal efecto o tribunal acorda o seguinte: a dita proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio; o tempo para a súa realización é de hora e media (90 minutos) e o propio tribunal realizará a súa lectura. Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos, segundo as bases específicas que regulan este proceso.

Ás 12,30 horas, despois de facer o chamamento das persoas que foron declaradas aptas no primeiro exercicio, procédese á realización da proba práctica, previa a comunicación dos acordos do tribunal para a súa realización. Unha vez rematadas as lecturas e

cualificacións, o resultado foi o seguinte:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
AGRAFOJO LARRALDE, NEREA	33544701Y	16 PUNTOS - APTA
CAL MIGNONE, TANIA	34880130D	10 PUNTOS - APTA
FERNÁNDEZ CASTRO, PAULA	76582040K	12 PUNTOS - APTA
GARCÍA MÉNDEZ, MATILDE	33558987D	18 PUNTOS - APTA
GONZÁLEZ MORGADE, ALMUDENA	44479367N	NON PRESENTADA
LÓPEZ LENCE, YAIZA	33558265T	10 PUNTOS - APTA
PARDO VILELA, ROCIO	33546566P	16 PUNTOS - APTA
RODRÍGUEZ CAPÓN, SARA	33553602Y	8 PUNTOS
VARELA NÚÑEZ, ANA MARÍA	33336801A	6 PUNTOS

E en proba de conformidade, asinan a presente acta en todas as súas follas as persoas que compoñen este tribunal cualificador, sendo as catorce horas e vinte minutos do día 22 de outubro do 2018.

Alejandro Fontela Pereira.

Alejandro Alcalde Varela.

Margarita Sánchez Cabarcos.

Ana Mel López.

María Teresa Villares Castro.